

Programa

**OPORTUNIUS**

*Oportunidades para  
unha carreira científica  
excelente en Galicia*



# AXUDAS DO ERC EN GALICIA:

Informe sobre  
participación e impacto

2007-2025



**XUNTA  
DE GALICIA**



Programa

 OPORTUNIUS

*Oportunidades para  
unha carreira científica  
excelente en Galicia*

# AXUDAS DO ERC EN GALICIA:

Informe sobre  
participación e impacto  
2007-2025



# ÍNDICE

Páxina

12

30

50

	Siglas e acrónimos	7
	Introdución	9
○	<b>1. PARTICIPACIÓN GALEGA NAS AXUDAS DO ERC</b>	
	1.1. O European Research Council e o impulso da ciencia de fronteira en Europa	14
	1.2. Participación de Galicia nos proxectos ERC (2007-2025)	16
	1.2.1. Resultados por territorios	16
	1.2.2. Resultados por institucións	25
	1.2.3. Resultados por xénero do persoal investigador	26
	1.3 Proxectos ERC activos en Galicia (2025)	27
○	<b>2. O PROGRAMA OPORTUNIUS E O IMPACTO DAS AXUDAS DO ERC NO SISTEMA CIENTÍFICO DE GALICIA</b>	
	2.1. O Programa Oportunius	32
	2.2. Impacto dos proxectos ERC no sistema científico de Galicia	34
	2.2.1. Emprego en 2025	37
	2.2.2. Captación de recursos por actividades de investigación, transferencia e outros conceptos	40
	2.2.3. Publicacións, patentes e formación	43
	2.3. Impacto dos proxectos ERC do persoal investigador contratado polo Programa Oportunius	45
	2.3.1. Emprego en 2025	46
	2.3.2. Captación de recursos por actividades de investigación, transferencia e outros conceptos	48
	2.3.3. Publicacións, patentes e formación	49
○	<b>ANEXO 1. METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN</b>	

# Relación de táboas e figuras

**Táboa 1:** Proxectos ERC (CCAA, España e EEI, 2007-2025)

**Táboa 2:** Proxectos ERC por programas marco (CCAA, España e EEI, 2007-2025)

**Táboa 3:** Proxectos ERC liderados por convocatorias e anos (Galicia, España e EEI, 2007-2025)

**Táboa 4:** Proxectos ERC liderados por paneis (Galicia, España e EEI, 2007-2025)

**Táboa 5:** Proxectos ERC por persoas investigadoras (CCAA, España e UE, 2007-2025)

**Táboa 6:** Taxa de éxito en proxectos ERC (CCAA, España e EEI, 2014-2024)

**Táboa 7:** Proxectos ERC por institucións (Galicia, 2007-2025)

**Táboa 8:** Proxectos ERC liderados por convocatorias e xénero (Galicia e EEI, 2014-2025)

**Táboa 9:** Proxectos ERC activos por convocatorias (Galicia, 2025)

**Táboa 10:** Proxectos ERC activos por paneis (Galicia, 2025)

**Táboa 11:** Proxectos ERC activos por institucións (Galicia, 2025)

**Táboa 12:** Proxectos ERC activos por xénero (Galicia, 2025)

**Táboa 13:** Persoal investigador titular de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

**Táboa 14:** Mulleres ocupadas nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia por tipo de posto (2025)

**Táboa 15:** Actividades de investigación e transferencia dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

**Táboa 16:** Proxectos de valorización dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

**Táboa 17:** Solicitudes de patentes do persoal investigador titular de axudas do ERC en Galicia (2007-2025)

**Táboa 18:** Persoal investigador contratado polo Programa Oportunius en 2025

**Figura 1:** Inversión do Programa Oportunius por entidades cofinanciadoras (2014-2025)

**Figura 2:** Distribución de postos de traballo nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2025)

**Figura 3:** Persoal investigador posdoutoral e predoutoral por orixe nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2025)

**Figura 4:** Orixe do financiamento das actividades de investigación dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

**Figura 5:** Orixe do financiamento das actividades de transferencia dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

**Figura 6:** Publicacións científicas do persoal investigador titular de axudas do ERC en Galicia (2007-2025)

**Figura 7:** Distribución de postos de traballo nos grupos liderados por persoal contratado polo Programa Oportunius (2025)

**Figura 8:** Persoal investigador posdoutoral e predoutoral por orixe nos grupos do persoal investigador contratado polo Programa Oportunius (2025)

**Figura 9:** Orixe do financiamento para actividades de investigación dos grupos de persoal investigador contratado polo Programa Oportunius (2007-2025)

**Figura 10:** Producción científica do personal investigador contratado polo Programa Oportunius (2007-2025)

# SIGLAS E ACRÓNIMOS

<b>AdG</b>	Advanced Grant
<b>AEI</b>	Agencia Estatal de Investigación
<b>CCAA</b>	Comunidades Autónomas
<b>CDTI</b>	Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial
<b>CoG</b>	Consolidator Grant
<b>CSIC</b>	Consejo Superior de Investigaciones Científicas
<b>EEI</b>	Espacio Europeo de Investigación
<b>EIC</b>	European Innovation Council
<b>EXC</b>	Equivalencia a Xornada Completa
<b>ERC</b>	European Research Council
<b>FECYT</b>	Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología
<b>FPU</b>	Formación de Profesorado Universitario
<b>FP7</b>	Seventh Framework Programme
<b>FPGMX</b>	Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
<b>H2020</b>	Horizon 2020
<b>ICONO</b>	Observatorio Español de I+D+I
<b>INCIPIIT</b>	Instituto de Ciencias del Patrimonio
<b>IP</b>	Investigador Principal
<b>MSCA</b>	Marie Skłodowska Curie Actions
<b>PoC</b>	Proof of Concept Grant
<b>StG</b>	Starting Grant
<b>SyG</b>	Synergy Grant
<b>UDC</b>	Universidade da Coruña
<b>UE</b>	Unión Europea
<b>USC</b>	Universidade de Santiago de Compostela
<b>UVigo</b>	Universidade de Vigo



# INTRODUCCIÓN

---

# INTRODUCCIÓN

O informe *Axudas do ERC en Galicia* chega á súa quinta edición como unha análise de referencia para seguir a participación de Galicia nas convocatorias do European Research Council (ERC) e coñecer o impacto que os proxectos financiados por este organismo teñen sobre o ecosistema galego de I+D+i.

Esta nova edición actualiza as cifras ata decembro de 2025, un ano que foi especialmente destacado en canto á captación de financiamento do ERC: Galicia obtivo 9 novos proxectos ERC, cun financiamento global que supera os 14 M€ (cifras que, ao peche deste informe, incrementáronse coa concesión recentemente anunciada de dúas Advanced Grants 2025).

Á hora de conceder a súa axudas, o ERC ten en conta tanto o carácter pioneiro e innovador e a solidez do proxecto de investigación presentado como a excelencia científica do investigador ou investigadora principal (IP).

Por iso, o número de axudas ERC converteuse nun dos máis prezados indicadores de excelencia científica de países e rexións, polo que supón en canto a recursos destinados a proxectos de investigación punteiros, pero, sobre todo, porque reconece o talento e o liderado internacional do seu persoal científico.

Dende 2007 ata decembro de 2025, o ERC outorgou axudas por valor de 32.757,4 M€ a máis de 18.600 proxectos, liderados por máis de 10.000 investigadores e investigadoras, o que segundo as análises do propio ERC tivo un impacto positivo na mellora dos indicadores científicos europeos. Neste período España recibiu máis de 1.944 M€ para un total de 1.367 proxectos (1.244 liderados).

Para o sistema de I+D+i de Galicia, a captación e retención de talento científico excelente, así como o apoio ao persoal investigador con capacidade para competir polas axudas do ERC, foron claras prioridades da última década. Por iso, en 2014 púxose en marcha o Programa Oportunius, cuxos principais resultados e impacto se resumen neste documento. Este informe actualiza basicamente os datos das edicións anteriores, pero, ademais, na primeira parte (*Participación galega nas axudas do ERC*) incluíuse unha nova sección con información específica dos proxectos financiados polo ERC activos en Galicia a decembro de 2025.

Entre os novos datos desta edición, cabe destacar que ata decembro de 2025, un total de 41 investigadores e investigadoras obtiveron axudas do ERC para financiar 52 proxectos desenvolvidos en Galicia. En total, os fondos achegados polo ERC ao ecosistema de I+D+i galego entre 2007 e 2025 sumaron 76,9 M€. Ademais, grazas aos contratos de persoal investigador distinguido - 20 ata 2025 - esta iniciativa conseguiu xerar talento e reter en Galicia a persoal investigador local, retornar talento científico galego e atraer a personal investigador excelente internacional para que poida desenvolver aquí a súa carreira científica. Son datos que evolucionan favorablemente xa que na data de peche deste informe, en xuño de 2026, Galicia rexistra 45 persoas gañadoras de 57 axudas do ERC, e 25 delas contan cun contrato do Programa Oportunius.

Os fondos achegados ata 2025 polos proxectos financiados polo ERC sumados aos fondos adicionais obtidos polos grupos liderados polos seus titulares - en convocatorias competitivas de investigación e en actividades de transferencia - alcanzan os 122,8 M€. Unha inxección de recursos ao ecosistema de I+D+i de Galicia que quintuplica os fondos destinados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia Galega de Innovación ao Programa Oportunius - 21,4 M€. Como amosa este informe, máis alá da contribución económica, o aumento das axudas do ERC repercute positivamente na produción científica e na xeración de emprego cualificado, ademais de facer máis atractivo o ecosistema galego para o persoal investigador en formación. Galicia ocupa a sexta posición do Estado en proxectos e fondos captados do ERC, e é a quinta comunidade en canto a taxa de éxito global 2007-2024, con resultados que melloran ano a ano, grazas ao impacto do Programa Oportunius.

Tras Cataluña e o País Vasco, Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en contar cun programa de atracción e retención de persoal investigador excelente. Este informe subliña o éxito dunhas políticas polas que seguiremos apostando nos próximos anos.





1

# **PARTICIPACIÓN GALEGA NAS AXUDAS DO ERC**



— O European Research Council e o impulso da ciencia de fronteira en Europa

— Participación de Galicia nos proxectos ERC (2007-2025)

Resultados por territorios

Resultados por institucións

Resultados por xénero do persoal investigador



# PARTICIPACIÓN GALEGA NAS AXUDAS DO ERC

## 1.1. O EUROPEAN RESEARCH COUNCIL E O IMPULSO DA CIENCIA DE FRONTEIRA EN EUROPA

O European Research Council (ERC) foi creado pola Comisión Europea en 2007, dentro do 7º Programa Marco (FP7), co obxectivo de reforzar o dinamismo, a creatividade e a excelencia da investigación europea nas fronteiras do coñecemento. Desde o seu establecemento, máis de **10.000 investigadores e investigadoras**, vinculados a máis de **1.000 institucións de investigación** públicas e privadas de 36 países da UE e os estados asociados ao Espazo Europeo de Investigación (EEI)<sup>1</sup>, recibiron algunha das axudas ERC, que no seu conxunto superan os **32.700 M€** (Táboa 1).

**Cada titular dunha axuda ERC contrata para o seu equipo unha media de sete persoas**, polo que toda unha xeración de máis de **120.000 investigadores e investigadoras pre e posdoutorais** formouse no marco dos máis de **18.600 proxectos financiados**.

Como indicadores de impacto destes proxectos cabe destacar que os proxectos ERC xeraron

unha cifra superior ás **270.000 publicacións científicas**, así coma máis de **2.500 patentes e outros títulos de propiedade industrial e intelectual**<sup>2</sup>.

### Modalidades de axuda

O ERC conta con catro modalidades de axuda enfocadas a cubrir as distintas etapas da carreira investigadora e unha liña de apoio a proxectos de proba de concepto, restrinxida a iniciativas xa financiadas. Cóbrense todas as disciplinas científicas que se agrupan en tres áreas: Ciencias da Vida, Ciencias Físicas e Enxeñaría, e Ciencias Sociais e Humanidades.

Un aspecto diferencial das axudas ERC é que son outorgadas aos e as IPs a título individual, que poden cambiar de equipo, de institución anfitroia ou mesmo de país no período de desenvolvemento do proxecto. Son elixibles persoas de calquera país da Unión Europea e dos países asociados.

1. Albania, Armenia, Bosnia-Herzegovina, Xeorxia, Islandia, Islas Faroe, Israel, Moldavia, Montenegro, Macedonia do Norte, Noruega, Reino Unido, Serbia, Suíza, Tunes, Turquía, e Ucraína.

2. Annual Report on the ERC activities and achievements 2025

Actualmente, as liñas de axuda do ERC son:

#### Starting Grants (StG):

Dirixidas aos IPs no inicio da súa carreira investigadora (entre 2 e 7 anos de experiencia desde que obtiveron o doutoramento), cunha traxectoria científica prometedora e unha excelente proposta de investigación. Están dotados con **1,5 M€** para un período de **5 anos**, e poden recibir un financiamento adicional de ata 1 M€ para a adquisición de equipos, o uso de grandes infraestruturas, ou custos derivados da transferencia de proxectos desde terceiros países cara a un país membro da UE ou un país asociado.

#### Consolidator Grants (CoG):

Dirixidas aos IPs cunha experiencia máis dilatada (entre 7 e 12 anos desde a obtención do doutoramento) que queiran consolidar a súa carreira científica e formar o seu propio grupo de investigación. Están dotados con **2 M€** para un período de **5 anos** e poden ter tamén acceso a un financiamento adicional (1 M€) para adquisición de equipos, uso de infraestruturas ou transferencia de proxectos.

#### Advanced Grants (AdG):

Dirixidas aos IPs que obtivesen logros científicos significativos nos últimos 10 anos, e que acreditasen a súa capacidade de liderado en termos de orixinalidade e de impacto das súas contribucións á investigación. Están dotados con **2,5 M€** para un período de **5 anos** e teñen tamén acceso a financiamento adicional de ata 1 M€ polos mesmos conceptos que nas outras modalidades.

#### Synergy Grants (SyG):

A diferenza das anteriores, esta modalidade financia consorcios formados por un número reducido de IP —de dous a catro—, que poidan acreditar unha dilatada traxectoria persoal de logros científicos significativos, e que traballen conxuntamente para dar resposta a retos científicos que non poden abordarse de maneira individualizada. Valórase tanto a excelencia científica da proposta como o efecto sinérxico implícito no traballo colaborativo. As SyG poden obter ata **10 M€** para un período de **6 anos**, e o financiamento adicional dispoñible para a compra de equipos, o acceso a grandes infraestruturas ou a mobilidade de proxectos desde países terceiros pode alcanzar os 4 M€.

#### Proof of Concept Grants (PoC):

Esta modalidade financia actividades que faciliten achegar ao mercado os resultados dos proxectos de investigación financiados polo ERC. Por iso, só son elixibles IP que estean a liderar proxectos en marcha —ou completados nun prazo non superior a un ano antes da convocatoria— que recibise unha axuda de calquera das outras modalidades (*Starting, Consolidator, Advanced ou Synergy*). A dotación é de **150.000 €** para un período máximo de **18 meses** e debe investirse en actividades claramente orientadas á transferencia ao mercado (probos de validación, estudos de viabilidade técnica ou comercial, clarificación da propiedade intelectual, etc.).

## 1.2. PARTICIPACIÓN DE GALICIA NOS PROXECTOS ERC (2007-2025)

Este capítulo analiza a participación de entidades científicas de Galicia nos proxectos do ERC e establece comparacións con outros territorios no período 2007-2025. En concreto, os datos de Galicia compáranse a escala territorial con outras comunidades autónomas, co conxunto de España e, cando é posible, co Espazo Europeo de Investigación (EEI), pero tamén se analiza a distribución entre as institucións galegas e os resultados por xénero.

O estudo realizouse a partir dos datos ofrecidos, entre outras fontes, polo Horizon Dashboard. Este instrumento recolle, por unha banda, o número total de proxectos nos que participan entidades dun determinado territorio (proxectos asinados) e, por outra, o número de proxectos liderados por persoal investigador adscrito a unha entidade do territorio estudado. No caso dos datos relativos a 2025, dado que o Horizon Dashboard aínda non recolle todas as concesións, consultáronse directamente as resolucións das convocatorias do ERC. No [anexo 1](#) detállanse todas as fontes de información e a metodoloxía empregadas.

### → 1.2.1. Resultados por territorios

No período comprendido entre 2007 e 2025, rexistráronse **54 proxectos ERC** con participación de entidades galegas, dos cales **48** foron **proxectos liderados** ([Táboa 1](#))<sup>3</sup>. O importe total captado do ERC neste período ascendeu a **76,9 M€**.

Como se detalla na segunda parte deste documento ([ver Táboa 13](#)), en 2025 había un

total de **41 investigadores e investigadoras principais** á fronte de **52 proxectos financiados polo ERC** (48 liderados e catro participaciones en proxectos Synergy).

As porcentaxes de participación de Galicia respecto aos totais de España son similares para os tres indicadores. Galicia conta co 3,85% de todos os proxectos liderados en España, co 3,95% do total de proxectos e co 3,96% do importe dos fondos outorgados. As porcentaxes son tamén similares respecto ao conxunto do EEI, onde Galicia lidera o 0,26% dos proxectos, conta co 0,29% de todos os proxectos financiados e recibiu o 0,23% de todos os fondos outorgados.

En relación coas outras comunidades autónomas, **Galicia mantén a sexta posición estatal no período 2007-2025** nos tres indicadores empregados ([Táboa 1](#))<sup>4</sup>. Non obstante, ao considerar os tres períodos por separado – Seventh Framework Programme (FP7) ([Táboa 2.a](#)), Horizon 2020 (H2020) ([Táboa 2. b](#)) e Horizon Europe ([Táboa 2. c](#))–, obsérvase un ascenso da posición de Galicia do sexto ao quinto lugar no período comprendido entre 2014 e 2020.

Galicia obtivo **19 proxectos do ERC no marco do novo programa Horizon Europe (2021-2027)** – , dos cales **lidera 17** ([Táboa 2. c](#)). Cabe destacar, que as cifras de proxectos totais e liderados neste período duplicáronse respecto ao anterior informe, grazas aos bos resultados obtidos por persoal investigador galego nas convocatorias ERC de 2025 e á incorporación ao noso ecosistema de varios gañadores ERC doutras rexións e países.

3. Dous dos proxectos asinados (AGRIWESTMED [AdG 2008] e PLASMAQUO [AdG 2010]) tiñan aos seus IPs traballando en entidades fóra de Galicia (M. Leonor Peña Chocarro, no CSIC, e Luis M. Liz Marzán, no CIC biomaGUNE, respectivamente), polo que non se inclúen xeralmente no recuento de ERC outorgados a Galicia que se recolle no material promocional do Programa Oportunus. Dos 52 proxectos restates, hai catro, financiados cun Synergy Grant, que contan con senllos IPs en Galicia per son coordinados desde entidades doutros países.

4. Nas táboas 1, 2, 3 e 4 a suma dos proxectos (liderados e totais) por CCAA pode variar lixeiramente respecto ao total de España, que é o indicador correcto e a base dos cálculos porcentuais. As discrepancias entre o total e a suma das CCAA derivan de que na plataforma "Horizon Dashboard" os datos por CCAA non sempre están actualizados e non recollen as posibles modificacións como cambios de institución por parte dos beneficiarios. No caso de Galicia os datos que proporciona o dashboard contrástanse cos datos da Axencia Galega de Innovación sobre os proxectos obtidos e realízanse os axustes necesarios se no dashboard non está actualizada. Este exercicio non é posible para o resto das CCAA.

**TÁBOA 1.****Proxectos ERC (CCAA<sup>5</sup>, España e EEI<sup>6</sup>, 2007-2025)**

Número de proxectos (liderados e totais) e importe (€)

ÁREA	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	IMPORTE <sup>7</sup>
Cataluña	611	669	918.745.390 €
Madrid	245	287	412.381.663 €
Com. Valenciana	89	103	144.650.184 €
País Vasco	80	99	121.768.767 €
Andalucía	61	70	93.144.288 €
<b>Galicia</b>	<b>48</b>	<b>54</b>	<b>76.905.946 €</b>
Aragón	30	33	48.861.720 €
Navarra	21	22	30.188.132 €
Castilla y León	18	22	28.880.064 €
Canarias	12	13	24.214.030 €
Murcia	9	11	11.459.464 €
Asturias	7	8	10.790.091 €
Cantabria	5	6	9.621.338 €
Illes Balears	5	5	7.368.949 €
Castilla-La Mancha	2	4	3.812.186 €
Extremadura	1	1	1.425.000 €
<b>España</b>	<b>1.244</b>	<b>1.367</b>	<b>1.944.217.210 €</b>
<b>EEI</b>	<b>18.622</b>	<b>18.622</b>	<b>32.757.382.457 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024). Resolucions ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026.

5. En todo o informe os proxectos das entidades do CSIC están asignados á Comunidade Autónoma do Instituto ao que pertence o IP titular do proxecto

6. En todo o informe a referencia ao EEI abrangue os seguintes territorios: Unión Europea (UE27), Reino Unido, Suíza, Israel, Turquía, Islandia, Noruega e Serbia.

7. En todo o informe os importes relativos aos proxectos 2025 foron estimados en función do importe medio de cada modalidade de axuda, pois nas resolucions non se proporciona o dato do importe concedido.

**TÁBOA 2.****Proxectos ERC por programas marco (CCAA, España e EEI, 2007-2025)**

→ **TÁBOA 2.a.** Seventh Framework Programme (2007-2013)  
Número de proxectos (liderados e totais) e importe (€)

ÁREA	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	IMPORTE
Cataluña	128	140	209.669.929 €
Madrid	59	70	105.191.742 €
País Vasco	15	16	19.698.924 €
Andalucía	10	15	16.848.227 €
Com. Valenciana	9	12	17.505.161 €
<b>Galicia</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>12.852.772 €</b>
Aragón	5	5	7.485.438 €
Navarra	5	6	6.867.668 €
Murcia	2	2	4.169.858 €
Asturias	2	2	3.116.860 €
Castilla y León	2	3	2.144.250 €
Canarias	1	1	969.600 €
Castilla-La Mancha	0	2	198.811 €
<b>España</b>	<b>246</b>	<b>271</b>	<b>406.719.240 €</b>
<b>EEI</b>	<b>4.556</b>	<b>4.556</b>	<b>7.733.532.794 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard; CORDIS. Data de actualización: abril de 2026.

→ **TÁBOA 2.b.** Horizon 2020 (2014-2020)  
Número de proxectos (liderados e totais) e importe (€)

ÁREA	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	IMPORTE
Cataluña	243	272	344.360.388 €
Madrid	101	123	162.378.896 €
Com. Valenciana	38	44	69.367.576 €
País Vasco	30	39	45.771.364 €
<b>Galicia</b>	<b>23</b>	<b>25</b>	<b>36.373.529 €</b>
Andalucía	23	24	34.756.571 €
Aragón	9	11	16.038.784 €
Navarra	6	6	9.916.956 €
Canarias	5	6	10.795.387 €
Castilla y León	4	6	4.592.601 €
Murcia	4	4	3.583.415 €
Cantabria	3	4	5.496.512 €
Asturias	3	4	4.174.356 €
Illes Balears	2	2	2.735.225 €
<b>España</b>	<b>494</b>	<b>543</b>	<b>750.341.560 €</b>
<b>EI</b>	<b>7.833</b>	<b>7.833</b>	<b>13.462.146.493 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard; CORDIS. Data de actualización: abril de 2026.

→ **TÁBOA 2.c.** Horizon Europe (2021-2025)  
Número de proxectos (liderados e totais) e importe (€)

ÁREA	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	IMPORTE
Cataluña	240	257	364.715.073 €
Madrid	85	94	144.811.025 €
Com. Valenciana	42	47	57.777.447 €
País Vasco	35	44	56.298.479 €
Andalucía	28	31	41.539.490 €
<b>Galicia</b>	<b>17</b>	<b>19</b>	<b>27.679.645 €</b>
Aragón	16	17	25.337.498 €
Castilla y León	12	13	22.143.213 €
Navarra	10	10	13.403.508 €
Canarias	6	6	12.449.043 €
Illes Balears	3	3	4.633.724 €
Cantabria	2	2	4.124.826 €
Murcia	3	5	3.706.191 €
Castilla-La Mancha	2	2	3.613.375 €
Asturias	2	2	3.498.875 €
Extremadura	1	1	1.425.000 €
<b>España</b>	<b>504</b>	<b>553</b>	<b>787.156.410 €</b>
<b>EEl</b>	<b>6.233</b>	<b>6.233</b>	<b>11.561.703.170 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024); Resolucions ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026.

A análise por convocatorias e anos dos proxectos liderados (Táboa 3) mostra que Galicia mellorou as súas porcentaxes de participación respecto aos totais de España e o EEl en todas as modalidades. **Destacan especialmente os resultados en Synergy**

**Grants, onde Galicia conta co 8% dos proxectos liderados en España.** A táboa indica que en 2025 Galicia obtivo 8 novos proxectos liderados —o ano con mellores resultados da serie— aos que hai que sumar a participación nun novo Synergy.

TÁBOA 3.

## Proxectos ERC liderados por convocatorias e anos (Galicia, España e EEI, 2007-2025)

Número de proxectos liderados e porcentaxes

ÁREA	CONV.	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	Total	%Esp	%EEI
EEI	AdG		282	245	271	301	319	291	192	277	231	268	222	185	209	255	218	255	281		<b>4.302</b>		
España	AdG		14	12	12	13	15	13	12	12	10	19	12	11	12	18	21	16	13		<b>235</b>		
Galicia	AdG		0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0		<b>2</b>	<b>0,9%</b>	<b>0,0%</b>
EEI	CoG							313	371	303	314	328	292	318	328	318	323	308	328	349	<b>4.193</b>		
España	CoG							20	29	17	24	13	17	15	22	26	31	24	20	26	<b>284</b>		
Galicia	CoG							1	0	0	0	0	2	3	1	0	2	3	0	2	<b>14</b>	<b>4,9%</b>	<b>0,3%</b>
EEI	StG	299		245	436	486	566	300	375	349	391	407	405	407	437	470	411	400	494	478	<b>7.356</b>		
España	StG	22		19	25	27	25	13	22	16	24	21	18	19	25	35	21	27	33	28	<b>420</b>		
Galicia	StG	1		0	1	3	1	0	1	3	2	0	0	2	3	1	1	0	1	3	<b>23</b>	<b>5,5%</b>	<b>0,3%</b>
EEI	PoC					51	60	67	121	160	159	160	160	199	166	156	210	240	245	300	<b>2.454</b>		
España	PoC					2	4	7	14	23	19	14	20	17	12	21	28	32	25	42	<b>280</b>		
Galicia	PoC					0	0	0	0	0	1	0	1	1	1	0	1	0	0	2	<b>7</b>	<b>2,5%</b>	<b>0,3%</b>
EEI	SyG						11	13					27	38	34		34	37	57	66	<b>317</b>		
España	SyG						0	3					2	0	3		5	3	5	4	<b>25</b>		
Galicia	SyG						0	0					0	0	1		0	0	0	1	<b>2</b>	<b>8,0%</b>	<b>0,6%</b>
<b>EEI</b>	<b>Global</b>	<b>299</b>	<b>282</b>	<b>490</b>	<b>707</b>	<b>838</b>	<b>956</b>	<b>984</b>	<b>1.059</b>	<b>1.089</b>	<b>1.095</b>	<b>1.163</b>	<b>1.106</b>	<b>1.147</b>	<b>1.174</b>	<b>1.199</b>	<b>1.196</b>	<b>1.240</b>	<b>1.405</b>	<b>1.193</b>	<b>18.622</b>		
<b>España</b>	<b>Global</b>	<b>22</b>	<b>14</b>	<b>31</b>	<b>37</b>	<b>42</b>	<b>44</b>	<b>56</b>	<b>77</b>	<b>68</b>	<b>77</b>	<b>67</b>	<b>69</b>	<b>62</b>	<b>74</b>	<b>100</b>	<b>106</b>	<b>102</b>	<b>96</b>	<b>100</b>	<b>1.244</b>		
<b>Galicia</b>	<b>Global</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>8</b>	<b>48</b>	<b>3,9%</b>	<b>0,3%</b>
<b>% Esp</b>	<b>Global</b>	<b>4,5%</b>	<b>0,0%</b>	<b>0,0%</b>	<b>2,7%</b>	<b>7,1%</b>	<b>2,3%</b>	<b>3,6%</b>	<b>1,3%</b>	<b>4,4%</b>	<b>3,9%</b>	<b>0,0%</b>	<b>5,8%</b>	<b>9,7%</b>	<b>8,1%</b>	<b>1,0%</b>	<b>3,8%</b>	<b>2,9%</b>	<b>1,0%</b>	<b>8,0%</b>	<b>3,9%</b>		
<b>% EEI</b>	<b>Global</b>	<b>0,3%</b>	<b>0,0%</b>	<b>0,0%</b>	<b>0,1%</b>	<b>0,4%</b>	<b>0,1%</b>	<b>0,2%</b>	<b>0,1%</b>	<b>0,3%</b>	<b>0,3%</b>	<b>0,0%</b>	<b>0,4%</b>	<b>0,5%</b>	<b>0,5%</b>	<b>0,1%</b>	<b>0,3%</b>	<b>0,2%</b>	<b>0,1%</b>	<b>0,7%</b>	<b>0,3%</b>		

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024); Resolucíons ERC (Convocatoria 2025). Data de actualización: abril de 2026.

\* En 2021 non houbo convocatoria PoC e en 2022 publicáronse dúas convocatorias 2022-1 cos fondos de 2021 e 2022-2. Na táboa os datos PoC 2021 corresponden á convocatoria 2022-1 resolta en febreiro de 2022.

En referencia á **distribución temática** dos proxectos liderados segundo os tres paneis principais establecidos polo ERC para o período 2007-2025 (Táboa 4), **Galicia presentou unha distribución algo distinta á de España e á do EEI**, cunha porcentaxe superior de proxectos de **Ciencias Físicas e Enxeñería (51,3%)** e inferior en Humanidades (17,9%).

O cálculo da proporción de **proxectos liderados por cada mil persoas investigadoras en equivalencia a xornada completa (EXC)** (Táboa 5) permite establecer comparacións máis precisas entre territorios. Considerando o período 2007-2025, **Galicia sitúase na cuarta posición con respecto ás CCAA españolas**, por diante de territorios cunha intensa actividade en I+D como Madrid e País Vasco e cun resultado (5,5) próximo á media española (6,7) e europea (6,3).

Se se analiza a **taxa de éxito (Táboa 6)** ao longo de todo o período 2007-2024<sup>8</sup>, vese que Galicia, cun 8,35% sitúase en quinta posición do Estado, cunha porcentaxe de proxectos liderados sobre propostas presentadas moi similar a Madrid (onde se inclúen as propostas dos centros do CSIC de toda España).

Segundo os datos dos que dispón a Axencia Galega de Innovación, en 2025 presentáronse 54 propostas ás convocatorias do ERC desde entidades de Galicia (incluíndo os centros do CSIC) que obtiveron 8 proxectos liderados e unha participación nun Synergy coordinado desde o CNRS (Francia), o que supón unha taxa de éxito anual superior ao 16%. Coa concesión de dúas ERC-Advanced Grants 2025 que acaba de anunciarse xusto ao peche deste informe, a taxa de éxito de 2025 elévase por encima do 20%.

#### TÁBOA 4.

##### Proxectos ERC liderados por paneis (Galicia, España e EEI, 2007-2025)

Porcentaxe de proxectos liderados

ÁREA	PANEL	TOTAL
Galicia	Ciencias Físicas e Enxeñería	51,3%
	Ciencias da Vida	30,8%
	Ciencias Sociais e Humanidades	17,9%
España	Ciencias Físicas e Enxeñería	45,8%
	Ciencias da Vida	29,9%
	Ciencias Sociais e Humanidades	24,3%
EEI	Ciencias Físicas e Enxeñería	44,1%
	Ciencias da Vida	32,0%
	Ciencias Sociais e Humanidades	23,9%

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024). Resolucións ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026.

Nota: Convocatorias StG, CoG e AdG.

8. O período de análise da taxa de éxito abarca o período 2007-2024 porque non están dispoñibles no Horizon Dashboard os datos de proxectos elixibles ata 2025.

**TÁBOA 5.****Proxectos ERC por persoas investigadoras (CCAA, España e UE, 2007-2025).**

Número de proxectos liderados, persoas investigadoras en equivalencia a xornada completa (EXC) en miles, e número de proxectos por mil persoas investigadoras EXC

ÁREA	PROXECTOS LIDERADOS	PERSOAS INVESTIGADORAS EXC* (2024)	PROXECTOS LIDERADOS POR PERSOAS INVESTIGADORAS EXC
Cataluña	611	38,8	15,7
Aragón	30	4,9	6,1
Com. Valenciana	89	15,4	5,8
<b>Galicia</b>	<b>48</b>	<b>8,7</b>	<b>5,5</b>
Navarra	21	3,9	5,4
Madrid	245	46,7	5,2
País Vasco	80	16,5	4,9
Canarias	12	3,0	4,0
Andalucía	61	20,0	3,0
Cantabria	5	1,8	2,8
Illes Balears	5	2,0	2,5
Castilla y León	18	8,5	2,1
Murcia	9	4,9	1,8
Asturias	7	3,9	1,8
Castilla-La Mancha	2	2,1	1,0
Extremadura	1	2,1	0,5
<b>España</b>	<b>1.244</b>	<b>184,4</b>	<b>6,7</b>
<b>EEl</b>	<b>18.622</b>	<b>2.950,3</b>	<b>6,3</b>

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024). Resolúcións ERC (Convocatoria 2025). INE. Eurostat.  
Data de actualización: abril de 2026

**TÁBOA 6.****Taxa de éxito en proxectos ERC (CCAA, España e EEI, 2007-2024)**

Número de proxectos (elixibles e liderados) e porcentaxe

ÁREA	PROXECTOS ELIXIBLES	PROXECTOS LIDERADOS	TAXA DE ÉXITO
Cataluña	3.561	507	14,2%
País Vasco	676	77	11,4%
Navarra	161	16	9,9%
Madrid	3.771	329	8,7%
<b>Galicia</b>	<b>431</b>	<b>36</b>	<b>8,4%</b>
Aragón	269	20	7,4%
Com. Valenciana	760	54	7,1%
Andalucía	755	32	4,2%
<b>España</b>	<b>11.004</b>	<b>1.118</b>	<b>10,2%</b>
<b>EEI</b>	<b>122.875</b>	<b>17.100</b>	<b>13,9%</b>

Fonte: Horizon Dashboard. (31/05/2026).

Nota: A diferenza das táboas anteriores, neste caso os datos do CSIC están imputados a Madrid. Só se contabilizan os proxectos en rol de coordinación (liderados). Non están dispoñibles no portal os datos de solicitudes da convocatoria ERC-2020-CoG e de todas a convocatorias ERC-2025.

## → 1.2.2. Resultados por institucións

A **distribución institucional** dos proxectos ERC en Galicia (**Táboa 7**) concentrouse de forma moi notable na **Universidade de Santiago de Compostela**, que obtivo **36 proxectos ERC**, que recibiron case 51 millóns de euros (un **66% do importe total concedido**).

Seis centros de investigación da USC contan con gañadores ERC nos seus equipos, cun

notable éxito do CiQUS (18 proxectos ERC) e do CiMUS (7). Os catro centros de investigación da UDC e dous centros da UVigo contan tamén con proxectos ERC. Doutra banda, en 2025 amplíase o mapa de entidades con proxectos do ERC: no caso dos centros interuniversitarios, irrumpe CITMAGA, ademáis do CISPAC, e no CSIC, ao INCIPIT súmase a Misión Biolóxica de Galicia.

### TÁBOA 7.

#### Proxectos ERC por institucións (Galicia, 2007-2025)

Número de proxectos liderados e importe (€)

INSTITUCIÓN	AdG	CoG	StG	SyG	PoC	Proxectos totais	IMPORTE
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	3	10	14	4	5	36	50.889.683 €
Universidade da Coruña (UDC)	0	2	4	0	2	8	10.146.057 €
Universidade de Vigo (UVigo)	1	1	4	1	0	7	8.948.297 €
CSIC	0	1	1	1	0	3	6.860.659 €
<b>Total</b>	<b>4</b>	<b>14</b>	<b>23</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>54</b>	<b>76.905.946 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024). Resolucíons ERC (Convocatoria 2025).

Data de actualización: abril de 2026.

Nota: O total captado polos 54 proxectos inclúe unha participación da Fundación de Medicina Xenómica no proxecto PHYLOCANCER (CoG 2013), liderado por David Posada (UVigo), e unha participación da Universidade de Vigo no proxecto SCUBA CANCERS (StG 2016), liderado por José Tubío (USC).

### → 1.2.3. Resultados por xénero do persoal investigador

Respecto aos **datos de xénero**, no período con información dispoñible, 2010-2025 Galicia registrou unha porcentaxe de proxectos ERC para investigadoras (26,3%) inferior a media do EEI (30,2%) (Táboa 8). Non se dispón de datos detallados para España e as outras CCAA para establecer comparacións<sup>9</sup>. En

todas as modalidades a proporción de proxectos liderados por mulleres en Galicia e inferior á do EEI, pero a principal fenda co EEI sitúase na convocatoria AdG, na que Galicia non conta con proxectos liderados por mulleres mentres que a media europea alcanza o 18,8%.

**TÁBOA 8.**

#### **Proxectos ERC liderados por convocatorias e xénero (Galicia e EEI, 2010-2025)\***

Número de proxectos liderados e porcentaxe

ÁREA	CONVOCATORIA	XÉNERO	PROXECTOS LIDERADOS	TAXA DE PROXECTOS LIDERADOS POR MULLERES
Galicia	AdG	Home	2	
	AdG	Muller	0	0,0%
	CoG	Home	10	
	CoG	Muller	4	28,6%
	StG	Home	16	
	StG	Muller	6	27,3%
	<b>Total</b>	<b>Home</b>	<b>28</b>	
	<b>Total</b>	<b>Muller</b>	<b>10</b>	<b>26,3%</b>
EEI	AdG	Home	3.067	
	AdG	Muller	708	18,8%
	CoG	Home	2.816	
	CoG	Muller	1.377	32,8%
	StG	Home	4.429	
	StG	Muller	2.383	35,0%
	<b>Total</b>	<b>Home</b>	<b>10.312</b>	
	<b>Total</b>	<b>Muller</b>	<b>4.468</b>	<b>30,2%</b>

\* Os datos de 2007-2009 non están dispoñibles. A resolución da convocatoria ERC AdG 2025 non está incluída.

Nota: Convocatorias StG, CoG e AdG. Datos non dispoñibles para España e outras CCAA.

Fonte: ERC Statistics. Data de actualización: xuño de 2026

9. As estatísticas do ERC non ofrecen este indicador desagregado por CCAA, no caso de Galicia os datos proceden do reconto de proxectos financiados.

### 1.3. PROXECTOS ACTIVOS EN GALICIA (2025)

Este informe 2007-2025 sobre as *Axudas do ERC en Galicia* incorpora unha nova sección que dá conta dos proxectos financiados polo ERC que se atopaban activos ao 31 de decembro de 2025. Como mostra a [Táboa 9](#), **33 dos 54 proxectos ERC captados pola comunidade (un 61%) atopábanse activos ao peche do exercicio 2025**, o que tendo en conta a duración media dos proxectos (4-5 anos) pon en evidencia que o groso da captación de axudas ERC realizouse no último quinquenio, como resultado da estratexia continuada de apoio a finalistas e candidatos

e de retención e atracción de gañadores do Programa Oportunius.

Ao analizar as cifras da Táboa 9 hai que lembrar, ademais, que os catro proxectos non liderados son da modalidade Synergy, cada un dos cales, aínda que se coordine desde outro país, conta cun IP en Galicia e unha dotación de máis 2M €.

Como mostra a táboa, en conxunto, os proxectos ERC activos recibiron fondos por un importe total de 54,7M €.

#### TÁBOA 9.

##### Proxectos ERC activos por convocatorias (Galicia, 2025)

Número de proxectos activos (liderados e totais) e importe (€)

CONVOCATORIA	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	IMPORTE
AdG	1	1	1.693.688 €
CoG	13	13	21.526.191 €
StG	11	11	16.172.810 €
PoC	2	2	254.851 €
SyG	2	6	15.087.511 €
<b>Total</b>	<b>29</b>	<b>33</b>	<b>54.735.051 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024); Resolucións ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026

Se se analiza a **distribución temática** dos proxectos activos ([Táboa 10](#)), vese que é similar á do total de proxectos ERC desenvolvidos en Galicia ([Táboa 4](#)), cun peso algo maior das Ciencias Físicas e a Enxeñería (57,6%) en detrimento das Ciencias da Vida (24,2%).

Por **institucións**, en lóxica correspondencia cos datos globais mostrados anteriormente na [Táboa 7](#), a USC e os seus centros de

investigación son as entidades que máis proxectos ERC activos xestionan (66%), a considerable distancia das outras universidades públicas e do CSIC, como mostra a [Táboa 11](#).

Finalmente, a análise da distribución por **xénero** ([Táboa 12](#)) mostra que a proporción de mulleres que lideran proxectos ERC activos sitúase no 30,3%, catro puntos por encima das cifras globais para Galicia ([Táboa 8](#)).

**TÁBOA 10.****Proxectos ERC activos por paneis (Galicia, 2025)**

Porcentaxe de proxectos activos (liderados e totais)

PANEL	TOTAL
Ciencias Físicas e Enxeñería	57,6%
Ciencias da Vida	24,2%
Ciencias Sociais e Humanidades	18,2%

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024). Resolucions ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026

**TÁBOA 11.****Proxectos ERC activos por institucións (Galicia, 2025)**

Número de proxectos activos (liderados e totais) e importe (€)

INSTITUCIÓN	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	IMPORTE
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	19	22	36.717.504 €
Universidade da Coruña (UDC)	5	5	7.108.890 €
Universidade de Vigo (UVigo)	2	3	6.773.548 €
CSIC	3	3	4.135.109 €
<b>Total</b>	<b>29</b>	<b>33</b>	<b>54.735.051 €</b>

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024); Resolucions ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026

**TÁBOA 12.****Proxectos ERC activos por xénero (Galicia, 2025)**

Número de proxectos activos (liderados e totais) e porcentaxe

XÉNERO	PROXECTOS LIDERADOS	PROXECTOS TOTAIS	TAXA DE PROXECTOS TOTAIS POR MULLERES
Home	19	23	69,7%
Muller	10	10	30,3%

Fonte: Horizon Dashboard (Convocatorias 2007-2024); Resolucions ERC (Convocatoria 2025).  
Data de actualización: abril de 2026





# **O PROGRAMA OPORTUNIUS E O IMPACTO DAS AXUDAS DO ERC NO SISTEMA CIENTÍFICO DE GALICIA**



— **O Programa Oportunius**

— **Impacto dos proxectos ERC no sistema científico de Galicia**

Emprego en 2025

Captación de recursos por actividades de investigación,  
transferencia e outros conceptos

Producción científica e formación

— **Impacto dos proxectos ERC do persoal investigador contratado polo Programa Oportunius**

Emprego en 2025

Captación de recursos por actividades de investigación,  
transferencia e outros conceptos

Producción científica e formación



# O PROGRAMA OPORTUNIUS E O IMPACTO DAS AXUDAS DO ERC NO SISTEMA CIENTÍFICO DE GALICIA

O prestixio das axudas do European Research Council (ERC) como mecanismo de apoio á investigación de fronteira, xunto ao seu elevado volume de investimento, provocou que o número de axudas recibidas polo persoal investigador dun territorio sexa un claro indicador de excelencia científica. Pola súa dimensión e ambición investigadora, son proxectos que fortalecen ao sistema científico no que se desenvolven; en primeiro lugar, pola súa propia actividade, orientada á investigación de fronteira, e tamén porque propician a creación de grupos de excelencia e inducen dinamismo á súa contorna. Por este motivo, as políticas científicas inclúen medidas orientadas a proporcionar apoio ao persoal investigador para aumentar a concorrència e as taxas de éxito nas distintas convocatorias do ERC, así como incentivos para atraer talento beneficiario destas axudas.

Para contextualizar o impacto das axudas do ERC en Galicia, este capítulo iníciase coa descrición do Programa Oportunus, o instrumento promovido pola Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento dunha carreira científica excelente en Galicia reforzando as opcións de acceso e os beneficios asociados ás axudas do ERC. A continuación, analízase o impacto das axudas do ERC no sistema científico; primeiro en relación co total de persoas investigadoras apoiadas polo Programa Oportunus e, a continuación, para o caso do elenco de contratados e contratadas pola Axencia Galega de Innovación no marco desta iniciativa.

## 2.1. O PROGRAMA OPORTUNIUS

O Programa Oportunus foi creado en 2014 co obxectivo de xerar, reter, atraer e retornar a Galicia talento investigador de primeiro nivel. É unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e pola Axencia Galega de Innovación, na que participan o Sistema Universitario Galego (SUG), o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e outras entidades de investigación galegas.

Esta iniciativa ofrece aos investigadores e investigadoras que traballan en Galicia axudas económicas e acompañamento para reforzar as opcións de acceso e beneficios asociados ás axudas do ERC. Con isto, quérese facilitar a estabilidade do mellor persoal investigador galego e atraer a persoal científico excelente de fóra da Comunidade.

O Programa Oportunus consta de itinerarios diferenciados para cada un dos tres perfís que cobre o programa:

- 1 Gañadores ERC:** Paquete de axudas complementarias ao financiamento europeo, que inclúe a opción dun contrato como persoal investigador distinguido e recursos económicos para apoiar a actividade investigadora durante e tras a finalización do proxecto.

- 2 Finalistas ERC:** Apoio económico e servizos de formación, asesoramento e revisión de propostas para aumentar as posibilidades de éxito en subseguintes convocatorias de ERC.
- 3 Candidatos ERC:** Formación e asesoramento a persoal investigador con potencial para aumentar a participación galega nas convocatorias do ERC.

Desde a súa posta en marcha, en 2014, e ata decembro de 2025, o **Programa Oportunius apoiou aos 41 gañadores de 52 proxectos financiados polo ERC (Táboa 13); deste colectivo 20 incorporáronse cun contrato de persoal investigador distinguido da**

**Axencia Galega de Innovación.** Ademais, tamén recibiron apoio económico os **31 finalistas de diferentes convocatorias do ERC** para a mellora do seu proxecto, de cara a presentación dunha nova candidatura. Por último, compre destacar tamén que no cadro dos servizos de apoio a persoas candidatas, avaliáronse **331 propostas** e se realizaron **30 talleres de formación** con máis de **734 participantes.**

O **investimento total do Programa Oportunius ascendeu a 21,4 M€ entre 2014 e 2025 (Figura 1),** executado conxuntamente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (52%) e


**FIGURA 1.**

**Investimento do Programa Oportunius por entidades cofinanciadoras (2014-2025)**

Distribución porcentual por destino do investimento de cada entidade

**INVESTIMENTO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**


**11.122.604,00 €**



**INVESTIMENTO DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

**10.325.969,32 €**

Apoios preparación de propostas ERC e outros gastos



Fonte: Consellería de Educación Ciencia, Universidades e FP e Axencia Galega de Innovación.

## 2.2. IMPACTO DOS PROXECTOS ERC NO SISTEMA CIENTÍFICO DE GALICIA

Xunto á xeración de coñecemento derivado do desenvolvemento do proxecto, a creación de emprego cualificado é o principal impacto directo das axudas do ERC. O elevado investimento asociado a estes proxectos e o seu marco temporal permiten unhas boas condicións de contratación de persoal investigador, a maioría en etapa de formación (pre e posdoutoral), que inician así a súa traxectoria científica e completan a súa formación investigadora nun marco de excelencia. Segundo datos publicados polo mesmo ERC, calcúlase unha creación media de sete empregos por cada proxecto ERC; no conxunto do EEI, os proxectos ERC supuxeron a contratación de máis de 100.000 persoas para postos de investigación e apoio científico.

Con todo, pola súa propia natureza, as axudas do ERC son outorgadas xeralmente a persoal investigador principal (IP) cunha intensa actividade científica, que dirixen varios

proxectos en paralelo e que complementan os fondos ERC cos doutras convocatorias nacionais e internacionais; ademais de desenvolver actividades de valorización e transferencia. Por este motivo a análise do impacto do Programa Oportunius non se centra nos resultados dos proxectos ERC, se non que se amplía á **actividade que os e as IPs desenvolven dende a obtención da axuda europea**: emprego xerado, actividade de I+D e transferencia, produción científica e a dirección de teses. Preténdese así realizar unha aproximación **aos efectos que estas axudas inducen no desenvolvemento do sistema científico de Galicia**.

Con respecto ao seu alcance, **a análise abarca aos e ás 41 IPs con actividade entre 2007 e 2025<sup>10</sup>** que, ademais da axuda do ERC, reciben un apoio complementario do Programa Oportunius no marco do itinerario Gañadores ([Táboa 13](#)).

---

10. Exclúese da análise a Héctor Gómez que trasladouse a EEUU e non recibe actualmente apoio do Programa Oportunius.

TÁBOA 13.

## Persoal investigador titular de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

## Persoal investigador contratado polo Programa Oportunius\*

NOME	ENTIDADE	ANO CONTRATO OPORTUNIUS	ANO OBTENCIÓN AXUDA ERC	PROXECTO	MODALIDADE
Diego Martínez	USC	2016	2014	BSMFLEET	StG
Elena Ojea	UVigo	2018	2015	CLOCK	StG
Rubén Nogueiras	USC	2020	2011	OBESITY53	StG
			2018	WHATCH	SyG
Javier Montenegro	USC	2021	2015	DYNAP	StG
			2018	TraffikGene	PoC
			2025	CARMEL	SyG
Jacob Copeman	USC	2021	2018	ROSA	CoG
David Ryan Glowacki	USC	2021	2019	NANOVR	CoG
Ashwin Woodhoo	USC	2021	2019	MyeRIBO	CoG
Mario Pansera	UVigo	2021	2020	PROSPERA	StG
Sara Varela	UVigo	2021	2020	MAPAS	StG
José Tubío	USC	2022	2016	SCUBA CANCERS	StG
Carlos Salgado	USC	2023	2011	HotLHC	StG
			2018	YoctoLHC	AdG
Manuel Souto	USC	2023	2021	ELECTROCOFS	StG
Diego Robledo	USC	2023	2022	FishTRIM	StG
María Giménez	USC	2024	2015	NANOCOMP	StG
			2020	ZABCAT	PoC
			2025	ZEST	PoC
Yolanda Prezado	USC	2024	2018	PROTONMBRT	CoG
Carlos Sebastián Villasante	USC	2024	2020	EQUALSEA	CoG
Diego Peña	USC	2024	2020	MolDAM	SyG
Jaime Martín	UDC	2024	2022	PARACRYST	CoG
Daniel Nieto	UDC	2025	2023	HOT-BIOPRINTING	CoG
Martín Fañanás-Mastral	USC	2025	2019	BECAME	CoG

\* Persoal investigador ordeado por ano de contratación do Programa Oportunius.

Fonte: Axencia Galega de Innovación.

### Persoal investigador do SUG e CSIC

NOME	ENTIDADE	ANO	PROXECTO	MODALIDADE
David Posada	UVigo	2007	PHYGENOM	StG
		2013	PHYLOCANCER	CoG
José Francisco Rivadulla	USC	2010	2D THERMS	StG
		2016	ANTS	PoC
Miguel López	USC	2011	ObERStress	StG
Héctor Gómez	UDC	2012	MuSIC	StG
José Luis Mascareñas	USC	2013	METBIOCAT	AdG
		2019	antiCSC	PoC
Carlos Gómez	UDC	2016	FASTPARSE	StG
		2022	SALSA	PoC
Elena Pazos	UDC	2019	SENSE	StG
		2025	PEPTOC	PoC
Jorge de Torres	CSIC	2019	StateHorn	StG
Beatriz Pelaz	USC	2020	SPACING	StG
Felipe Criado-Boado	CSIC	2020	XSCAPE	SyG
Olalla López-Costas	USC	2022	POLLUTED PAST	CoG
Beatriz Orosa	USC	2023	SynUbl	CoG
Carlos Pérez Carmona	CSIC	2023	PLECTRUM	CoG
Ignacio Insua	USC	2024	Replicate	StG
Luis Manuel Liz-Marzán	UVigo	2024	CHIRAL-PRO	SyG
Ismael González	USC	2025	HypoPause	StG
Saray Busto	USC	2025	SUPREMUM	StG
Guillermo Lorenzo	UDC	2025	DIGIPRO	StG
Julián Bergueiro	USC	2025	ChiroPore	CoG
Sara Abalde-Cela	USC	2025	OBSERVER	CoG
Jaime Álvarez-Muñiz	USC	2025	HERON	SyG

Fonte: Axencia Galega de Innovación.

### → 2.2.1. Emprego en 2025

A análise da composición en número de persoas dos grupos de investigación liderados por titulares de proxectos ERC conleva unha casuística variada no que se refire á duración dos contratos e a dedicación a actividade investigadora<sup>11</sup>, polo que este indicador mídese en Equivalencia a Xornada Completa (EXC)<sup>12</sup>.

Con estas premisas, o **emprego xerado en 2025** polos **grupos de investigación** analizados suma un total de **320,8 persoas**


(EXC), das cales **275,1 ocuparon postos de persoal investigador** (Figura 2). Destas, **151,5 prazas correspondían a persoal investigador predoutoral e 123,6 a posdoutoral.**

Por outra banda, os grupos analizados contaban con **33,7 persoas (EXC) que ocupaban postos técnicos e 12 en posicións de xestión** (persoal de transferencia e administración).

**FIGURA 2.**

**Distribución de postos de traballo nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2025).**

Número de persoas en EXC e porcentaxe



Fonte: Axencia Galega de Innovación a partri de datos suministrados polas universidades e o CSIC.

11. Persoal funcionario, persoal con posición estable, persoal con cargo a proxectos contratado a tempo parcial, persoal que abandona o grupo por causas diversas (traslado, remate da tese, etc.)

12. É dicir, compútanse as horas de dedicación de todo o persoal contratado e calcúlase cantos postos de traballo a xornada completa "cabem" nesas horas de ocupación.


Con respecto ao orixe do persoal investigador segundo a modalidade de incorporación (Figura 3), vemos que o **persoal investigador posdoutoral** nótrese principalmente de **contratos con cargo a proxectos (75,7%)**, aínda que as convocatorias de excelencia para captación de talento nacionais e internacionais, como as Marie Skłodowska-Curie Actions (MSCA) e os programas Ramon e Cajal e Juan de la Cierva teñen un peso moi significativo (18,6% do persoal posdoutoral, en conxunto). Un patrón diferente obsérvase no caso do **persoal investigador en formación** onde o total das **convocatorias de recursos humanos** (MSCA, FPU, Predoutorais para a formación de doutores e Xunta) seguen supoñendo case a metade (49,3%) da captación de talento, mentres que a contratación para proxectos supón o 31,5%<sup>13</sup>.

Esta diferenza no patrón de incorporación explícase principalmente debido á maior oferta de programas dirixidos a persoal predoutoral, fronte aos instrumentos para persoal posdoutoral, que son máis selectivos. Adicionalmente, a contorna de excelencia e as oportunidades que supón formar parte dun equipo liderado por persoal investigador que ostenta unha axuda do ERC exerce como factor de atracción dos mellores expedientes para realizar o doutoramento.

FIGURA 3.

**Persoal investigador posdoutoral e predoutoral por orixe nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2025)**

Número de persoas en EXC e porcentaxe



\* Contratado na USC inclúe a figura de investigador colaborador con contrato superior a 6 meses

Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos subministrados polas universidades e o CSIC.

13. Inclúense nesta categoría a figura de persoal investigador da USC para persoal non doutor que desenvolve actividades de investigación, pero que non está contratado para facer a tese.

Considerando as **convocatorias de recursos humanos**, cabe destacar que, polo que respecta ao **persoal posdoutoral**, en 2025 **o maior número de contratos (10,5%) concentrouse na esixente convocatoria MSCA**, superando os contratos por programas do Plan Nacional (8,9%), entre os que o Juan de la Cierva segue sendo a principal vía de acceso. En canto ao **persoal investigador predoutoral**, as convocatorias do **Plan Nacional (26,2%)** e da **Xunta (21,3%)** seguiron achegando case a metade dos contratos.

A análise da situación do **emprego por xénero** mostra unha lixeira variación na

porcentaxe de mulleres, respecto ao informe 2024, en que se rexistraba a paridade. En 2025, **as mulleres representaron o 46,1% das persoas EXC** ocupadas nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC (**Táboa 14**), 4 puntos menos que en 2024, a pesar de que o número total de mulleres variou só nunha persoa. A presenza feminina supera amplamente a media entre as **técnicas (55,6%) e xestoras (83,3%)**, categorías que crecen en números absolutos respecto a 2024, pero descenden en persoas e porcentaxe entre as **investigadoras posdoutorais (47,4%) e predoutorais (39,9%)**.

#### TÁBOA 14.

#### Mulleres ocupadas nos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia por tipo de posto (2025)

Número de persoas en EXC (mulleres) e porcentaxe

CATEGORÍA	PERSONAS EN EXC	PROPORCIÓN DE MULLERES SOBRE O TOTAL DA CATEGORÍA
Investigadoras posdoutorais	58,6	47,4%
Investigadoras predoutorais*	60,5	39,9%
Técnicas	18,8	55,6%
Xestoras	10,0	83,3%
<b>Total</b>	<b>147,8</b>	<b>46,1%</b>

(\*) Inclúe a figura de investigador colaborador da USC con contratos superiores a 6 meses.

Fonte: Axencia Galega de Innovación con datos suministrados polas universidades e o CSIC.

## → 2.2.2. Captación de recursos por actividades de investigación, transferencia e outros conceptos

No período comprendido entre 2007 e 2025, adicionalmente aos recursos obtidos do ERC, **os grupos analizados captaron un total de 45,9 M€** en actividades de investigación, transferencia e outros conceptos (premios, doazóns, etc.).

No caso das **actividades de investigación**, considerando unicamente proxectos internacionais e estatais, os grupos analizados

levaron a cabo **182 proxectos**, que lles xeraron en conxunto un volume de **ingresos de 37,3 M€** (Táboa 15).

Estes fondos (Figura 4) proceden principalmente de programas públicos estatais (57,3%), seguidos do Programa Horizon (19,4%), doutros programas públicos ou privados (19,4%) e, por último, doutras convocatorias internacionais (4%).

### TÁBOA 15.

#### Actividades de investigación e transferencia dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)

Actividades de investigación: proxectos e ingresos xerados en euros

Actividades de transferencia: proxectos e contratos e ingresos xerados en euros

Outros recursos: Premios, doazóns, etc., e ingresos xerados en euros


INSTI-TUCIÓN	ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN	INGRESOS	ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA	INGRESOS	OUTROS RECURSOS	INGRESOS
USC	110	25.951.120,87 €	57	6.014.490,02 €	7	474.719,89 €
UVigo	44	5.734.351,00 €	17	980.280,82 €	3	359.759,38 €
UDC	22	4.531.789,34 €	6	673.200,00 €	0	0,00 €
CSIC	6	1.137.931,32 €	3	0,00 €	0	0,00 €
<b>Total</b>	<b>182</b>	<b>37.355.192,53 €</b>	<b>83</b>	<b>7.667.970,84 €</b>	<b>10</b>	<b>834.479,27 €</b>

Fonte: Axencia Galega de Innovación con datos suministrados polas universidades e o CSIC.

FIGURA 4.

**Orixe do financiamento das actividades de investigación dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)**

Distribución porcentual dos ingresos captados



Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos suministrados polas universidades e o CSIC.

Nota: Ingresos doutros programas públicos ou privados só para os anos 2022-2025.

No que se refire ás **actividades de transferencia** obtivéronse **7,7 M€**, adicionalmente aos ingresos dos proxectos PoC do ERC. Como mostra a [Figura 5](#), o 75,8% dos ingresos por transferencia (5,8 M€) no período 2007-2025 corresponden a proxectos de valorización (12). Os contratos de servizos (43) supuxeron o 14,4% dos ingresos (1,1 M€) e os contratos colaborativos de I+D (19) achegaron un 8% dos fondos (0,6 M€).

Unha análise un pouco máis en detalle dos 12 proxectos de valorización ([Táboa 16](#)) mostra que a maior porcentaxe de ingresos procede de fontes internacionais (3,2 M€), debido aos proxectos EIC Transition TraffickGene e MEDiCs, liderados por Javier Montenegro e José Luis Mascareñas respectivamente. Ademais, o Programa Ignicia da Xunta de Galicia financia o maior número de proxectos (5) e achega un 30% dos ingresos. Se a estes proxectos de valorización se suman os 7 Proof

of Concept que o ERC outorgou a persoal investigador en Galicia, os ingresos totais para valorización no período 2007-2025 ascenden a 6,7 M€.


Ningún dos grupos analizados reporta ingresos derivados de contratos de licenza de patentes, rexistros de software ou de propiedade industrial. Neste sentido, dado que os proxectos apoiados polo ERC teñen un carácter de investigación de fronteira, en xeral desenvolveranse en grupos cunha maior orientación á investigación básica, polo que é natural que a actividade de transferencia de coñecemento se produza principalmente a través de proxectos para elevar o TRL da investigación, financiados a través de convocatorias de proba de concepto.

Por último, os grupos analizados ingresaron en conxunto **0,8 M€ adicionais** por conceptos diversos, como premios e doazóns, entre outros.

FIGURA 5.

**Orixe do financiamento das actividades de transferencia dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)**

Distribución porcentual dos ingresos



Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos suministrados polas universidades e o CSIC.

TÁBOA 16.

**Proxectos de valorización dos grupos liderados por titulares de proxectos ERC en Galicia (2007-2025)**

Proxectos de valorización e ingresos xerados en euros

INSTITUCIÓN	PROXECTOS DE VALORIZACIÓN	INGRESOS
Proxectos internacionais	2	3.195.318,75 €
Proxectos estatais	2	299.000,00 €
Proxectos Xunta (Ignicia)	5	1.999.353,00 €
Outros programas públicos ou privados	3	316.660,00 €
<b>Total</b>	<b>12</b>	<b>5.810.331,75 €</b>

Fonte: Axencia Galega de Innovación con datos suministrados polas universidades e o CSIC.

## → 2.2.3. Publicacións, patentes e formación

### Publicacións

No período 2007-2025, de acordo cos datos rexistrados en Scopus<sup>14</sup>, o persoal investigador titular de axudas do ERC que traballan en Galicia xerou un total de **2.474 publicacións científicas**, incluíndo artigos, revisións, actas de congresos e outras publicacións (Figura 6). A proporción de publicacións en acceso aberto é do 84,6%. Polo que se refire a indicadores de calidade, o **77,6%** das publicacións apareceron en **revistas do primeiro cuartil (Q1)** e o


36,6% en posicións destacadas; ademais, o 5% destas publicacións **están incluídas no 1% das publicacións máis citadas do mundo** —da súa mesma disciplina, tipo de documento e ano de publicación—, mentres que o 30% están entre o 10% das máis citadas.

### Patentes

Aínda que os grupos encabezados por titulares de axudas do ERC non contan con ingresos por licenza de patentes e outras formas

**FIGURA 6.**  
**Publicacións científicas do persoal investigador titular de axudas do ERC en Galicia (2007-2025)**

Distribución porcentual por tipo de publicación



Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos de Scopus.

14. Consulta realizada en en xuño de 2026.

de propiedade intelectual, como se indicou anteriormente, si que se foi intensificando nos últimos anos a solicitude de rexistro de patentes. Segundo os datos que constan na base de datos PatentScope da World Intellectual Property Organization (WIPO), 10 investigadores e investigadoras apoiados polo Programa Oportunius figuran como inventores, a título individual ou colectivo, nun total de **67 solicitudes de patentes presentadas no período 2007-2025**. (Táboa 17)

A maior parte do persoal investigador con patentes solicitadas (8 de 10) pertence a centros da Universidade de Santiago de

Compostela, que figura como solicitante en 65 das 67 solicitudes presentadas. Aproximadamente a metade das solicitudes (32) son froito da colaboración entre varias entidades, entre as que hai organizacións galegas (fundacións sanitarias, Sergas...), universidades españolas e europeas, e institucións de investigación de referencia como o CSIC, o CNRS ou o INSERM.

### Formación

Por último, nos grupos de investigación analizados léronse, durante o período 2007-2025, un total de **171 teses doutorais**.

#### TÁBOA 17.

#### Solicitudes de patentes do persoal investigador titular de axudas do ERC en Galicia (2007-2025)

Número de solicitudes de patentes nas que figuran como inventores

NOME	SOLICITUDES DE PATENTES
Giménez López, María	10
Giménez López, María; Rivadulla Fernández, José Francisco	3
López Pérez, Miguel Antonio	4
Mascareñas Cid, José Luis	18
Mascareñas Cid, José Luis; Pazos Chantreiro, Elena	6
Montenegro García, Javier	13
Nogueiras Pozo, Rubén	5
Pelaz García, Beatriz	1
Peña Gil, Diego	1
Posada, David	2
Rivadulla Fernández, José Francisco	4

Fonte: Base de datos PatentScope da World Intellectual Property Organization (WIPO)

## 2.3. IMPACTO DOS PROXECTOS ERC DO PERSOAL INVESTIGADOR CONTRATADO POLO PROGRAMA OPORTUNUS

O itinerario Gañadores do Programa Oportunus inclúe unha modalidade de contratación como persoal investigador distinguido, á que pode acceder persoal de investigación titular dunha axuda do ERC, tanto se está xa traballando de forma estable en Galicia coma se procede dunha entidade estranxeira ou do resto do territorio español. Así, o programa actúa como un mecanismo que favorece a xeración e retención de talento local, o retorno de persoal investigador galego que traballa fóra da comunidade, e a atracción de talento internacional<sup>15</sup>.

Desde a posta en marcha do instrumento de contratación do **Programa Oportunus** ata **decembro de 2025 contratáronse 20 persoas: 16 investigadores e 4 investigadoras (Táboa 18)**.

Para a análise de impacto deste colectivo, no caso do persoal investigador procedente de institucións galegas analízanse os indicadores dende a obtención da axuda do ERC e, no caso do persoal procedente de entidades de fóra de Galicia, considéranse os datos dende a contratación por parte do Programa Oportunus.

**TÁBOA 18.**

### Persoal investigador contratado polo Programa Oportunus en 2025

NOME	ANO DE CONTRATO	ENTIDADE	PROXECTO	MODALIDADE
<b>Retorno</b>				
Diego Martínez	2016	USC	BSMFLEET	StG 2014
Elena Ojea	2018	UVigo	CLOCK	StG 2015
Sara Varela	2021	UVigo	MAPAS	StG 2020
Diego Robledo	2023	USC	FishTRIM	StG 2022
Yolanda Prezado	2024	USC	PROTONMBRT	CoG 2018
Daniel Nieto	2025	UDC	HOT-BIOPRINTING	CoG 2023
<b>Retención</b>				
Rubén Nogueiras	2020	USC	OBESITY53	StG 2011
			WHATCH	SyG 2018
			DYNAP	StG 2015
Javier Montenegro	2021	USC	TraffikGene	PoC 2018
			CAMEL	SyG 2025
José Tubío	2022	USC	SCUBA CANCERS	StG 2016
Carlos Salgado	2023	USC	HotLHC	StG 2011
			YoctoLHC	AdG 2018
Carlos Sebastián Villasante	2024	USC	EQUALSEA	CoG 2020
Diego Peña	2024	USC	MoLDAM	SyG 2020
Jaime Martín	2024	UDC	PARACRYST	CoG 2022
Martín Fañanás-Mastral	2025	USC	BECAME	CoG 2019
<b>Captación</b>				
Jacob Copeman	2021	USC	ROSA	CoG 2018
David Ryan Glowacki	2021	USC	NANOVR	CoG 2019
Ashwin Woodhoo	2021	USC	MyeRIBO	CoG 2019
Mario Pansera	2021	UVigo	PROSPERA	StG 2020
Manuel Souto	2023	USC	ELECTROCOFS	StG 2021
			NANOCOMP	StG 2015
María Giménez	2024	USC	ZABCAT	PoC 2020
			ZEST	PoC 2025

Fonte: Axencia Galega de Innovación.

15. Unha particularidade das axudas do ERC é que se conceden ao investigador ou investigadora a título particular, polo que cabe a mobilidade de institución co conseqüente traslado do proxecto.

### → 2.3.1. Emprego en 2025

Respecto aos recursos humanos, **os grupos dos 20 IPs contratados contaron en 2025 cun total de 201,5 postos EXC; destes o 50% corresponde a persoal investigador predoutoral e o 38,8% a persoal posdoutoral.** (Figura 7)

Con respecto ao orixe do persoal investigador segundo a modalidade de incorporación (Figura 8) o patrón é similar ao observado para o conxunto do persoal apoiado polo Programa Oportunius, descrito no capítulo anterior.


Tamén nestes grupos, a contratación con cargo a proxectos é a vía máis habitual de acceso do persoal investigador posdoutoral (71,9%). No persoal investigador en formación as convocatorias de recursos humanos son a vía principal pois concentran o 47,3% do persoal, mentres que a contratación con cargo a proxectos representa o 31,8% das incorporacións.

Considerando as convocatorias de recursos humanos; no caso do persoal posdoutoral, as

**FIGURA 7.**

#### Distribución de postos de traballo nos grupos liderados por persoal contratado polo Programa Oportunius (2025)

Número de persoas en EXC e porcentaxe




\* Inclúe investigadores colaboradores USC con contratos superiores a los 6 meses.

Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos subministrados polas universidades e o CSIC.

FIGURA 8.

**Persoal investigador posdoutoral e predoutoral por orixe nos grupos do persoal investigador contratado polo Programa Oportunus (2025)**

Número de persoas en EXC e porcentaxe



\* Contratado na USC inclúe a figura de investigador colaborador con contrato superior a 6 meses

Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos das universidades.

convocatorias da Xunta e o Programa MSCA concentran respectivamente o 15 e o 12% das contratacións, unha proporción similar a suma das convocatorias do Plan Estatal que conxuntamente tamén representan o 13% - co programa Juan de la Cierva coma principal vía de acceso. Un patrón distinto obsérvase no caso do persoal predoutoral onde a suma das

axudas do Plan Estatal e as convocatorias da Xunta son as principais vías de acceso – 23 e 22% respectivamente- mentres que os perfís MSCA representan un 2% das contratacións. Nesta categoría, as convocatorias propias das universidades teñen un peso significativo, cun 14% das contratacións.

### → 2.3.2. Captación de recursos por actividades de investigación, transferencia e outros conceptos

Os 20 grupos ligados ao persoal contratado polo Programa Oportunius captaron entre 2007 e 2025, adicionalmente aos fondos achegados polos proxectos do ERC, un total de **28,2 M€ procedentes de actividades de investigación, transferencia e outros conceptos** (premios, doazóns, etc.).

En canto ás **actividades de investigación** este colectivo captou un total de **22,2 M€** para o desenvolvemento de **116 proxectos**. A **Figura 9** mostra a orixe destes fondos que proceden principalmente de programas públicos estatais (46,4%); o importe restante repártese entre outros programas públicos ou privados (24,5%), o Programa Horizon (24%) e outras fontes internacionais (5,1%).


No que se refire ás **actividades de transferencia** obtivéronse **5,8 M€, dos cales 4,2 M€ (73,5%) corresponden ao desenvolvemento de 8 proxectos de valorización**. Un só proxecto (TraffikGene, liderado por Javier Montenegro) captou case 3 M€, a través dunha axuda Transition do European Innovation Council (EIC) e dunha axuda do programa Ignicia, que apoiou a outros tres proxectos con 1,1 M€. O persoal contratado polo Programa Oportunius conta, ademais, con tres axudas Proof of Concept do ERC para valorización de proxectos.

Polo que respecta á **contratación de servizos** rexistráronse un total de **40 actividades** que reportaron **1.072.418 €**, mentres que só se

**FIGURA 9.**

#### **Orixe do financiamento para actividades de investigación dos grupos de persoal investigador contratado polo Programa Oportunius (2007-2025)**

Distribución porcentual dos ingresos captados



Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos subministrados polas universidades e o CSIC.

Nota: Ingresos doutros programas públicos ou privados só para os anos 2022-2025.

rexistraron **10 contratos para a realización de actividades de I+D** cunha contribución próxima aos **384.534 €**.

Por último, cabe indicar que ao volume de captación de fondos deste colectivo hai que engadir **229.835 € de recursos adicionais** por conceptos como premios, doazóns, etc.

### → 2.3.3. Publicacións, patentes e formación

#### Publicacións

No período 2007-2025, o persoal investigador contratado polo Programa Oportunus xerou un total de **1.735 publicacións científicas**, incluíndo artigos, revisións e actas de congresos, entre outras (Figura 10).

Polo que se refire a indicadores de calidade, o **83,3%** das publicacións apareceron en **revistas**

**do primeiro cuartil (Q1)** e o 25,8% en posicións destacadas. Ademais o **6,1%** están incluídas **no 1% das publicacións máis citadas do mundo** —da súa mesma disciplina, tipo de documento e ano de publicación—, mentres que o 34,5% están entre o 10% das máis citadas.

#### Patentes

Neste ámbito hai que consignar que **seis dos dez investigadores e investigadoras Oportunus que contan con solicitudes de patentes (Táboa 17) son contratados** do programa e que figuran como inventores en 39 das 67 patentes solicitadas.


#### Formación

Por último, nos dezaioito grupos de investigación liderados por persoal contratado polo Programa Oportunus léronse, durante o período 2007-2025, un total de **82 teses doutorais**.


FIGURA 10.

#### Publicacións científicas do persoal investigador contratado polo Programa Oportunus (2007-2025)

Distribución porcentual por tipo de publicación



Fonte: Axencia Galega de Innovación a partir de datos de Scopus.



**ANEXO**

# ANEXO 1: METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

Toda a información compendiada na [sección 1.2](#) deste documento baséase nos datos dispoñibles a través das **fontes de información en liña**, principalmente do ERC e da Comisión Europea. A extracción definitiva de datos primarios efectuouse en abril de 2026.

Os **datos primarios** dos proxectos ERC de Galicia obtivéronse do portal web CORDIS. Á súa vez, para os datos de 2025 procesáronse as resolucións oficiais das convocatorias concedidas. Doutra banda, os datos agregados proceden do Horizon Dashboard e das estatísticas e notas de prensa do propio ERC.

O **período de estudo foi do 2007 ao 2025**, abarcando dous programas marco europeos completos (Sétimo Programa Marco e Horizon 2020) e os cinco primeiros anos do vixente na actualidade (Horizon Europe).

En relación coa comparación por territorios, cabe ter en conta que as fontes europeas imputan todos os proxectos do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) á Comunidade de Madrid. Estes datos revisáronse para imputalos ás CCAA onde

están ubicados os institutos de acollida do persoal investigador beneficiario. Á súa vez, as fontes de información poden reflectir de maneira incompleta os cambios de institución por parte dalgúns investigadores.

Polo que respecta á **análise do impacto dos grupos de titulares de proxectos ERC**, os datos foron proporcionados polas propias entidades de acollida do persoal investigador. Por parte do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), forneceron datos os centros INCIPIT e MBG.

No caso das universidades a información foi facilitada pola Oficina de Captación e Promoción Internacional da Universidade da Coruña, pola Área de Promoción e Estratexia Científica da Vicerreitoría de Investigación e Ciencia Aberta da Universidade de Santiago de Compostela, e pola Área de Proxectos Internacionais de Investigación da Universidade de Vigo.

Os datos de investimento proceden da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación.

## Bibliografía



*Annual report on the  
ERC activities and  
achievements in 2020*



*Annual report on the  
ERC activities and  
achievements in 2021*



*Annual report on the  
ERC activities and  
achievements in 2022*



*Annual report on the  
ERC activities and  
achievements in 2023*



*Annual report on the  
ERC activities and  
achievements in 2024*



*Annual report on the  
ERC activities and  
achievements in 2025*

## Fontes de información

Agencia Estatal de Investigación.  
<https://www.aei.gob.es>

Clarivate Analytics. Web of Science Core Collection.  
<https://tinyurl.com/WoScc>

Elsevier. Scopus.  
<https://www.elsevier.com/products/scopus>

ERC. About us. At a Glance.  
<https://erc.europa.eu/about-erc/erc-glance>

ERC. Projects & statistics.  
<https://erc.europa.eu/projects-statistics>

European Commission. Community Research and Development Information Service (CORDIS).  
<https://cordis.europa.eu>

European Commission. Horizon Dashboard.  
<https://tinyurl.com/HorizonDashboard>

FECYT. Plataforma de indicadores  
<https://indicadores.fecyt.es>

Resoluciones convocatorias ERC 2025







Programa

# PORTUNIUS

*Oportunidades para  
unha carreira científica  
excelente en Galicia*

